

CADERNOS DE VIVENDA E SOLO #5

AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS DE MESTRES

Puntos destacados

- Axudas ata o 90 por cento do custe para rehabilitar vivendas de titularidade municipal,
- Préstamos sen xuros para actuacións de rehabilitación ou adquisición de inmobilios para rehabilitar

O PARQUE PÚBLICO DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL



Contido

Convocatoria 2017	5
Convocatoria 2018	8
Convocatoria 2019	14
Convocatoria 2020	22

O artigo 88 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, establece que as administracións públicas poderán adoptar medidas dirixidas a impulsar a posta no mercado de vivendas en alugamento, cos obxectivos prioritarios de mobilizar as vivendas baleiras e de favorecer o acceso á vivenda a colectivos singulares. No seu artigo 90 sinálase que a rehabilitación do patrimonio inmobiliario residencial será obxecto de atención prioritaria por parte das administrac-

As axudas están dirixidas a concellos de menos de 20.000 habitantes e poden acadar o 90 por cento do orzamento

cións públicas, con competencia en materia de vivenda, como forma de garantir o dereito a disfrutar dunha vivenda digna e adecuada e, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio.

Son moitos os concellos de Galicia que disponen dun patrimonio edificatorio afecto no seu día aos centros educativos para aloxar as persoas que prestaban os seus servizos nestes centros, así como a outros oficios e que na actualidade están en desuso. Ademais, tamén disponen no seu patrimonio municipal doutras edificacións, que poden ser obxecto dun uso residencial mediante as oportunas actuacións de rehabilitación.

Por outra banda, o proceso de despoboamento da zona rural fai necesaria unha política encamiñada a fixar poboación nestas zonas, para o cal a vivenda é unha necesidade básica.

Con estas premisas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo creou en 2017 un programa de axudas destinadas aos concellos de menos de 20.000 habitantes co obxectivo de que rehabilitasen vivendas da súa titularidade, creando coas mesmas un parque público de vivenda en alugueiro de titularidade municipal.

O programa de rehabilitación de vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal ten como obxectivo rehabilitar os edificios e as vivendas, destinadas no seu día a vivenda dos mestres ou doutros oficios, así como aqueloutros de titularidade municipal susceptibles dun uso residencial, para que se poidan destinar, en réxime de alugamento, á vivenda habitual e permanente de unidades de convivencia con escasos recursos económicos.

As bases reguladoras das axudas publicáronse no Diario Oficial de Galicia do 17 de xullo de 2017, xunto coa convocatoria para ese ano. O 29 de decembro de 2017 o DOG publica novas bases reguladoras, que serían modificadas posteriormente pola Orde de 20 de decembro de 2018, publicada no Diario Oficial de Galicia do 4 de xaneiro de 2019.

Obxecto das axudas

Estas subvencións están dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes para que poidan rehabilitar as vivendas indicadas co obxecto de que se destinen, en réxime de alugamento, á residencia habitual e permanente de unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda

de efectos múltiples (IPREM).

Actuacións subvencionables

Consideraranse actuacións subvencionables a execución de obras de rehabilitación en edificacións e en vivendas de titularidade municipal que garanten o cumprimento dos requisitos básicos de funcionalidade, seguridade, habitabilidade e/ou accesibilidade.

As actuacións incluirán, para os efectos de determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificados. No custo total das obras non se incluirán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

Requisitos das actuacións

Todas as actuacións realizar deberán axustarse á normativa técnica e urbanística en vigor e deberán cumplir a normativa vixente en materia de habitabilidade e funcionalidade.

As actuacións subvencionables non

poderán estar iniciadas no momento da presentación da solicitude.

O prazo de execución das actuacións virá fixado na resolución de concesión da subvención, sen que en ningún caso poida exceder de 12 meses.

O número de vivendas resultantes da actuación de rehabilitación non poderá ser superior ao número de demandantes de vivendas inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia nese concello, na data da presentación da correspondente solicitude de subvención. Nas actuacións de reparación, rehabilitación ou conservación de fachadas, carpintería exterior ou cuberta das edificacións seguiranse os criterios fixados na Guía de



Son subvencionables actuacións de rehabilitación en inmobilés de titularidade municipal destinados a vivienda en alugueiro

cor e materiais elaborada pola Xunta de Galicia.

Concellos beneficiarios

Poderán ser beneficiarios destas axudas os concellos de Galicia que cumpran cos seguintes requisitos: Contar con menos de 20.000 habitantes. Para estes efectos, tomaranse como referencia as últimas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes, publicadas polo Instituto Galego de Estatística na data da publicación da correspondente convocatoria.

b) Contar cun número de demandantes de vivenda inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no seu concello, cando menos igual ao de vivendas para as cales se solicita a axuda.

c) Ter cumplido co deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas xerais do exercicio inmediatamente anterior ao ano da convocatoria, no que o seu prazo de presentación estivera vencido.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles concellos que se atopen nalgún dos supostos previstos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño..

“Estar adherido ou en proceso de adhesión ao Convenio de colaboración entre o IGVS e a Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, Fegamp) para o desenvolvimento do Programa de viven-

das baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020 (Plan RehaVita) ou á norma que o substitúa.”

Procedemento de adxudicación das vivendas

As vivendas serán adxudicadas en réxime de alugamento entre as persoas inscritas no concello, conforme o procedemento establecido no Programa de vivendas baleiras, derivado do citado convenio de colaboración entre o IGVS e a Fegamp ou da norma que o substitúa.

Contía da axuda

1. As axudas poderán acadar ata o 90 % do orzamento protexido das obras, sen que en ningún caso poñan superar a cantidade de 40.000 euros por vivenda rehabilitada ou de 48.000 euros, no caso de vivendas situadas no ámbito histórico ou dos camiños de Santiago.

Obrigas dos concellos

Aparte de executar as obras no prazo previsto, acreditalo ante o IGVS e facilitar toda a información que se lle solicite, os concellos deberán destinar a vivenda rehabilitada durante un prazo non inferior a vinte anos, contado desde o día seguinte ao da finalización das obras, ao alugamento de unidades de convivencia que cumpran os requisitos previstos nesta orde.

As axudas poden acadar 40.000 euros por vivenda con carácter xeral e 48.000 nas emprazadas en ámbitos históricos ou nos Camiños de Santiago

CONVOCATORIA DO ANO 2017

A primeira convocatoria das axudas para rehabilitación de vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal realizouse en 2017 e foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de xullo de 2017, cunha dotación orzamentaria de 850.000 euros.

Nesta primeira convocatoria concedéronse todas as axudas solicitadas para a anualidade de 2017 e esgotáronse os fondos destinados á anualidade de 2018.

Concedéreronse axudas aos concellos de Santiso e Rianxo, na provincia da Coruña; Trabada na de Lugo; A Peroxa e Cualedro na de Ourense

e Mos na de Pontevedra, por un importe total de 524.147,9 euros.

Os concellos de Mos e Rianxo acabaron renunciando ás axudas concedidas pola imposibilidade dos mesmos de executar dentro de prazo a parte correspondente á primeira anualidade. A renuncia á axuda concedida non supuxo deixar de rehabilitar os inmobles previstos, xa que volveron a solicitala na convocatoria do ano seguinte.

*En 2017
concedéreronse
axudas a 5
concellos para a
rehabilitación de
16 vivendas*

AXUDAS CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA 2017

Concello	Número vivendas	Importe axudas €
SANTISO	1	34.591,66
TRABADA	1	26.314,38
A PEROXA	2	70.708,60
CUALEDRO	5	200.000,00
MOS	1	33.058,27
RIANXO	6	159.474,99
TOTAL	16	524.147,90



Santiso

Realizouse a rehabilitación do inmoble da antiga escola unitaria sita no lugar de Penaposta, na parroquia de Santa María de Santiso. A vivenda rehabilitada atópase no primeiro andar do inmoble.

Rehabilitáronse a cuberta e baixantes, carpinterías exteriores e o revestimento da fachada



Trabada

En Trabada rehabilitouse a antiga vivenda dos mestres da escola de Sante, emprazada no lugar da Igrexa da parroquia de Sante.

O inmoble no que se actúa dispón de dúas plantas, emprazándose a vivenda na superior. Resulta unha vivenda de 90 metros cadrados construídos e 63,20 metros cadrados útiles, dotada con tres dormitorios.



A Peroxa

Na Peroxa rehabilitanse dous inmobilos. Nun caso trátese dunha antiga escola emprazada en Vilarubín e no outro un inmoble municipal que noutro tempo acolleu á Cruz Vermella, emprazado na capitalidade do concello.

A antiga escola de Vilarubín é un inmoble de pedra cun engadido posterior, que conta con dúas plantas, situándose a vivenda, de tres dormitorios, na planta superior. O baixo destinase a acoller as instalacións e a almacén.

Pola súa parte, o antigo inmoble da Cruz Vermella conta con dúas plantas e situase nunha parcela con forte desnivel, polo que a planta superior se atopa ao nivel da rúa . A vivenda rehabilitada emprázase na superior.

Cualedro

Nesta localidade rehabilitanse as cinco vivendas que noutro tempo foron destinadas a mestres. Atópanse emprazadas no núcleo urbano de Cualedro, nun imoble composto por dous volumes unidos, un de baixo e un andar e outro de baixo e dous andares, cunha superficie habitable de 387 metros cadrados distribuída en cinco vivendas independentes, dota-das de tres dormitorios cada unha delas.



Na primeira convocatoria as axudas superaron os 524.000 euros.

CONVOCATORIA DO ANO 2018

A convocatoria correspondente a 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia do 29 de decembro de 2017, cunha dotación de 948.332 euros. Esta dotación sería ampliada o 20 de xuño de 2018 con 159.474,99 euros máis, polo que o importe total da mesma foi de 1.107.806,99 euros.

Nesta segunda convocatoria o número de concellos que obtiveron

axuda incrementouse de maneira notable, pasando dos catro de 2017 a un total de 15 en 2018.

Os concellos que percibiron axudas foros os de Ordes, Tordoia, Rianxo e Ponteceso na provincia da Coruña; Sober, O Corgo, Mondoñedo e O Vicedo na de Lugo; Bande, Vilardevós, Sandiás e Cenlle na de Ourense e Mos, Oia e Dozón na de Pontevedra.

En 2018 o número de vivendas duplicouse respecto da convocatoria anterior e as axudas superaron 1,1 millóns de euros

AXUDAS CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA 2018

Concello	Número vivendas	Importe axudas €
ORDES	1	33.017,35
TORDOIA	1	29.655,74
RIANXO	4	139.295,04
PONTECESO	2	51.961,34
SOBER	4	160.000,00
O CORGO	1	46.499,12
MONDOÑEDO	2	16.655,08
O VICEDO	1	35.991,55
BANDE	3	108.000,00
VILARDEVÓS	6	216.412,36
SANDIÁS	1	33.588,00
CENLLE	2	66.107,39
MOS	1	33.058,28
OIA	2	74.485,90
DOZÓN	2	57.734,44 €
TOTAL	33	1.102.461,59 €

Ordes

Rehabilitase a antiga sede da Cruz Vermella, coa colocación de carpintería exterior; divisóns interiores e armarios empotrados nos dormitorios; pavimentos e alicatados e renovación completa das instalacións, así como pintado de fachadas



Tordoia

A antiga escola de unitaria da parroquia de Vila de Abade emprázase nun inmoble que antigamente estaba destinado a escola na planta baixa e a vivenda do mestre na superior.

A planta baixa está adaptada para usos sociais e coa axuda da Xunta de Galicia rehabilitase a vivenda do primeiro andar.

Rianxo

No concello rianxeiro rehabilitanse catro vivendas de mestres emprazadas nun inmoble de baixo e dúas plantas. As vivendas atópanse nas plantas primeira e segunda, dúas en cada andar.

Reabilitouse a totalidade da fachada, con illamento polo exterior, mellorouse a accesibilidade e rehabilitáse o interior das vivendas.



Ponteceso

A subvención da Xunta permite ao concello de Ponteceso a rehabilitación de parte das antigas escolas. En concreto actúase sobre un inmoble apegado en esquina, composto por dúas plantas, cunha vivenda en cada unha delas.

Refórmanse os acabados e instalacións das dúas vivendas, conservando a distribución existente, con excepción da terraza dunha vivenda, que se abre ao exterior coa retirada da carpintería de madeira que a pechaba.

Obtéñense dúas vivendas de 73 e 78 metros cadrados de superficie útil.



Sober

No concello de Sober concedéronse axudas para a rehabilitación dun total de catro vivendas, emprazadas en:

- Rúa Comercio, 7
- Outeiro, 89
- Praza do Pulpo 3
- Rúa

Comercio 7

Trátase dun inmoble que conta con soto, baixo, dous andares altos e baixo cuberta, cunha superficie en planta de pouco máis de 30 metros. Coa axuda da Xunta rehabilitanse as plantas altas e baixo cubertas para destiná-las a vivenda.

O baixo e o soto serán rehabilitados polo concello para destiná-lo a local comercial.

Mantívose o cerramento exterior, que se reparou e pintou. Reconstruíuse a cuberta e realizouse unha rehabilitación íntegra do interior das plantas destinadas a vivenda, con tabiques de panel de cartón-xeso.



Outeiro 89

O inmoble, con planta alta e baixa, atópase no núcleo rural de Outeiro.

Mantéñense os cerramentos exteriores, reconstrúese a cuberta e a estrutura de madeira e realízase a rehabilitación completa do interior, con tabiquería de panel de cartón-xeso



Praza do Pulpo 3

O inmoble rehabilita para dúas vivendas, emprazadas na planta alta e no baixo cuberta, mentres o baixo destinárase a local.

Mantéñense os cerramentos exteriores, excepto o do baixo cuberta, que se substitúe por un novo para gañar espazo. Reconstrúese a cuberta e rehabilitase o interior da dúas vivendas

O Corgo

No Corgo rehabilitase a casa do mestre de Arxemil, emprazada na antiga escola da parroquia. A vivenda atópase na planta alta do inmoble.

Mantense a configuración do inmoble, realizando un illamento exterior do mesmo. Realízase unha rehabilitación integral do andar destinado a vivenda: revestimentos, solados, instalacións, etc., resultando unha vivenda de dous dormitorios.



Mondoñedo

En Mondoñedo rehabilitanse dúas vivendas:

- Antiga escola de Lindín
- Antiga escola das Sasdónigas

Lindín

A vivenda, emprazada no número 25 do Castro, na parroquia de Lindín, está situada na primeira planta da antiga escola unitaria.

A planta baixa emprégase como local veciñal, e rehabilitase a primeira para vivenda en alugueiro.


A obra consiste na reparación da carpintería exterior, substituíndo cando non foi posible recuperala. Tamén se realizan reparacións na cuberta.



As Sasdónigas

A vivenda rehabilitada emprázase no primeiro andas da antiga escola das Sasdónigas. O baixo emprégase como local social.

Realízase a rehabilitación da carpintaría exterior e do tellado. No interior da vivenda renívase a instalación eléctrica e de fontanería, instálase un baño completo e a cociña e realizase o pintado de paredes





O Vicedo

No Vicedo actuouse sobre a antiga vivendas de Mestres da escola de Cabana.

Realizouse unha rehabilitación integral da vivenda, modificando a súa distribución, obténdose dous dormitorios, salón-cociña, baño e distribuidor.

A vivenda atópase na planta alta do inmoble, mentres o baixo se destina a local social.



Bande

En Bande concédense tres axudas para a rehabilitación de tres vivendas unifamiliares apegadas que forman parte dun grupo de seis antigas vivendas de mestres,

Coa axuda da Xunta rematouse o exterior da vivendas e actuouse no interior: pavimentos, instalación eléctrica, carpintería interior, colocación de sanitarios, equipamento de cociñas.



Vilardevós

Rehabilitanse seis vivendas pareadas, que componen tres grupos.

Realízase unha actuación integral interior e exterior. Instalase illamento térmico polo interior mediante la mineral e tabiquería de cartón-xeso.



Sandiás

Actúase sobre a antiga vivendas de mestres das Pegas, na que se realiza unha actuación integral tanto no exterior como no interior da construcción

Cenlle

Reabilitase un inmoble no que se obtén unha vivenda de tres dormitorios e outra de un dormitorio.

Modifícaronse tabiques interiores e substituíronse as carpinterías existentes.

Realizouse a instalación completa de electricidade, fontanería e calefacción e equipáronse as cociñas das dúas vivendas.



Mos

Reabilitase a casa dos Mestres de Dornelas, emprazada no núcleo rural de Dorniño.

Repáranse a cuberta e os cerramentos exteriores do inmoble.

No interior rehabilitáronse os revestimentos interiores e realizouse unha nova instalación eléctrica.



Oia

Reabilitáronse dúas antigas vivendas de mestres, actuando sobre os revestimentos exteriores e interiores, cuberta, carpinterías interior e exterior, instalación eléctrica e de fontanería, pintura e urbanización exterior.



Dozón

Actúase sobre dúas vivendas de mestres dun grupo de seis correspondentes ao grupo escolar de castro Dozón.

Dótanse dunha nova cuberta e impermeabilizase unha fachada lateral. Tamén se substitúen as carpinterías interiores, os solados e alicatados e realízase unha nova instalación de fontanería.



CONVOCATORIA DO ANO 2019

Este ano a convocatoria publicouse no Diario Oficial de Galicia do 5 de febreiro de 2019, cunha dotación de 1.761.135 euros.

En 2019 son 18 os concellos aos que se concede a axuda, incrementándose tamén o número de vivendas a rehabilitar, inda que finalmente dous concellos (Mugardos e Rianxo) perderon o dereito á axuda por non xustificiar a súa execución e o de Mondoñedo renunciou á subvención concedida para solicitala de novo ao ano seguinte.

Nesta convocatoria os concellos aos que se concedeu á axuda foron os de Santiso e Cabana de Bergantiños na provincia da Coruña; Pobra do Brooklón e Castro de Rei na de Lugo; A Veiga, A Peroxa, Bande, Vilariño de Conso, Porqueira e Cartelle na de Ourense e Baiona, As Neves, Arbo, A Guarda e A Cañiza na de Pontevedra.

Tamén se concedeu axuda aos concellos de Mugardos e Rianxo, que non xustificaron a execución e perderon o dereito á mesma, e Mondoñedo, que finalmente renunciou á axuda para solicitala no ano seguinte.

AXUDAS CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA 2019

Concello	Número vivendas	Importe axudas €
SANTISO	1	33.088,22
POBRA DE BROLLÓN	6	200.128,82
CASTRO DE REI	1	27.622,17
A VEIGA	7	269.200,01
A PEROXA	4	160.000,00
BANDE	3	89.822,48
VILARIÑO DE CONSO	1	40.000,00
PORQUEIRA	3	59.503,08
CARTELLE	2	80.000,00
BAIONA	2	80.000,00
AS NEVES	1	35.119,77
ARBO	1	7.442,10
A GUARDA	1	29.751,98
A CAÑIZA	1	35.984,78
TOTAL	34	1.147.663,41

SANTISO

Rehabilitación da antiga escola de Niñodaguia coa colocación de tella cerámica sobre a cuberta de fibrocemento, colocación de baixante, pintura de fachadas e carpintería exterior.

No interior actúase mellorando o illamento térmico, substituíndo pavimentos por gres porcelánico, execución das instalacións de electricidade, saneamento e abastecemento e colocación de pezas sanitarias no baño e mobles e electrodomésticos na cociña.



POBRA DE BROLLÓN

Actúase sobre o bloque oeste das vivendas de mestres do colexio da Pobra do Brollón, rehabilitándose seis vivendas con superficies útiles entre 45,60 e 46,50 metros cadrados, dotadas cun dormitorio cada unha delas.

Mantívose o sistema estrutural do edificio actuando sobre o resto de sistemas de forma integral para acadar os niveis de acondicionamento esixidos pola normativa de habitabilidade, e dar respuestas ás esixencias básicas do vixente código técnico da edificación e demais normativa básica de aplicación.



CASTRO DE REI

Rehabilitase una vivenda de titularidade municipal no antigo poboado de colonización de Matodoso.

Reemprázanse as carpinterías exterior e interior e procedese ao pintado completo do inmoble, tanto exterior como interior.

Realízase a instalación eléctrica completa e substitúense os sanitarios do baño.

Obtense unha vivenda en dúas plantas, cunha superficie útil de 99,95 metros cadrados



A VEIGA

Na Veiga concédense axudas para a rehabilitación de seis vivendas, emprazadas en:

- Seoane
- A Veiga
- Carracedo
- Valdín
- Castromao
- Pradolongo.

Seoane

Rehabilitase a antiga casa do mestre, emprazada no primeiro andar do inmoble.

Realízase un illamento integral da vivenda, tabiquería e carpintería interior, solados e alicatados e instalacións eléctrica e de fontanería.

Resulta unha vivenda de un dormitorio, con salón-comedor-cociña e baño.

A Veiga

Actúase nunha vivenda de 54,28 metros cadrados, emprazada no primeiro andar do inmoble.

Realízase o illamento, instalación de carpintería exterior, particións interiores, solados e alicatados e instalacións, dotándoa de calefacción por caldeira de biomasa.

Carracedo

Antiga casa do mestre da escola do núcleo rural e Carracedo, situada na planta superior do inmoble.

Resulta unha vivenda de 53,5 metros cadrados, cun dormitorio.

Rehabilitase a cuberta. Realizase o illamento polo interior da vivenda e fanse as particións interiores, solados, alicatados e instalacións, dotándoa de calefacción por chan radiante con caldeira de biomasa.



Valdín

Antiga casa escola de Valdín, na que se obteñen dúas vivendas, unha en cada planta do inmoble.

Realízase un illamento térmico polo interior das vivendas, instalando carpinterías exteriores e realizando as particións interiores, solados e alicatados e todas as instalacións.



Castromao

Inmoble emprazado no núcleo rural de Castromao que se obtén unha vivenda de 69,48 metros cadrados, dotada con dous dormitorios.

Realízase unha rehabilitación integral do inmoble: cuberta, particións interiores, carpinterías exterior e interior, illamento polo interior da vivenda, instalacións, calefacción de chan radiante con caldeira de biomasa...



Pradolongo

Actúase sobre a planta superior do inmoble da antiga casa escola de Pradolongo, obténdose unha vivenda de 68,79 metros cadrados.

Realízase unha rehabilitación integral, actuando sobre cuberta e fachada, instalando illamento, particións interiores e todas a instalacións.





A PEROXA

Actúase sobre catro vivendas emprazadas en dous inmobles diferentes. Nunha deles (emprazada no número 10 da estrada Ourense-O Peares) obtéñense dúas vivendas de tres dormitorios cada unha e na outra (emprazada no número 27 da mesma estrada) unha vivenda de dous dormitorios e outra de un dormitorio.

Nos dous casos execútase unha rehabilitación integral actuando sobre a cuberta, instalación de illamento polo interior, carpinterías, solados e alicatados, instalacións de electricidade, fontanería e calefacción...



BANDE

En Bande actúase sobre tres das seis antigas vivendas de mestres, que forman un conxunto de vivendas unifamiliares apegadas, en ringleira.

Actúase sobre a envolvente e, no interior, instálase tarima flotante e pavimento de gres; realiza a instalación eléctrica e de televisión; instálase caldeira de gas e colócanse sanitarios, así como outras reparacións menores.

VILARIÑO DE CONSO

Reabilitase o inmoble emprazado na Praza da Vila número 1, para unha vivenda unifamiliar de un dormitorio.

Instálanse solados, carpinterías e repáranse as fachadas e cuberta



PORQUEIRA

Rehabilitánse as casas dos mestres das escolas de A Foxa e Sabucedo.

En A Foxa realizanse novas divisións interiores, colócase tarima de madeira e pavimentos de gres, instalacións de electricidade, calefacción e fontanería, resultando unha vivenda con dous dormitorios.

En Sabucedo realiza unha obra como a de A Foxa, pero ademais colócanse carpinterías exteriores, obtendo unha vivenda de dous dormitorios

CARTELLE

Reabilitase a casa do mestre da antiga escola de Outomouro, na que se obteñen dúas vivendas de un dormitorio cada unha.

Execútase unha rehabilitación integral actuando sobre a cuberta, instalación de illamento polo interior, carpinterías, solados e alicatados, instalacións de electricidade, fontanería e calefacción...





BAIONA

Execútase a rehabilitación integral do interior de dúas vivendas de Mestres, modificando o acabado de paredes, chan e teitos, as carpinterías exterior e interior e todas as instalacións.



AS NEVES

Rehabilitáse a antiga vivenda de mestres da escola da Estación. O espazo correspondente á antiga escola funciona como centro social.

Obtense una vivenda con dous dormitorios e un baño, ademais dunha peza destinada a cociña, comedor e sala de estar.

Na envolvente substitúronse as carpintarías exteriores e repárarse a cuberta. No interior realiza unha rehabilitación integral, modificando a distribución e realizando solados e alicatados novos así como as instalacións de electricidade, fontanería e calefacción.



ARBO

Rehabilitáse a casa do mestre da escola unitaria de Cequeliños. O inmoble está composto por dúas vivendas, pero actúase únicamente nunha delas.

Repáransen a cuberta e fachada, a carpintería exterior e interior, píntanse as paredes, dótase á vivenda de instalacións eléctrica e de fontanería e acondicionase a acceso con rampla e escaleira.

A GUARDA

Actúase sobre a vivenda de mestres da escola dea Poza, en Camposancos.

O inmoble está ocupado pola antiga escola e a casa do mestre.

Realízanse obras de tabiquería interior e de illamento co emprego de placas de cartón-xeso. Instálanse carpinterías interior e exterior e realízanse as instalación eléctrica e de fontanería



A CAÑIZA

Rehabilitase una antiga vivenda de mestres, obténdose unha vivenda de 59,71 metros cadrados de superficie útil, dotada de dous dormitorios, baño, cociña-comedor-salón, lavadoiro e distribuidor.

Reformouse interiormente a vivenda para facela habitable cumplindo coa normativa. Realizouse o illamento térmico, substituíronse todas as carpinterías exteriores, reparouse o tellado, instaláronse novos pavimentos e renováronse integralmente as instalacións de electricidade, fontanería e calefacción.



CONVOCATORIA DO ANO 2020

A convocatoria correspondente a 2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia do 26 de febreiro de 2020, cunha dotación de 1.819.060 euros que posteriormente foi ampliada (26/5/2020) con 1.084.769,70 euros máis, polo que o importe total da convocatoria foi de 2.903.829,7 euros.

AXUDAS CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA 2020		
Concello	Número vivendas	Importe axudas €
CURTIS	2	69.284,77
MUGARDOS	1	40.000,00
SANTISO	1	37.275,83
BEGONTE	1	36.114,52
SOBER	1	36.563,90
TRABADA	1	11.916,47
MONDOÑEDO	1	23.243,41
BARALLA	1	38.570,58
A PASTORIZA	5	185.850,88
A VEIGA	3	115.909,99
VILAR DE SANTOS	1	32.475,19
VEREÀ	1	35.507,80
SANDIÁS	1	39.842,48
PORQUEIRA	1	27.392,73
TOÉN	2	56.483,92
CORTEGADA	1	36.566,18 €
CERDEDO-COTOBADE	4	192.000,00 €
DOZÓN	1	38.090,50 €
A LAMA	2	71.979,00 €
CRECENTE	4	158.395,64 €
AS NEVES	1	40.000,00 €
FORCAREI	2	9.219,61 €
TOTAL	34	1.332.683,40

RESUMO DAS CATRO CONVOCATORIAS

Nas catro convocatorias das axudas de rehabilitación de vivendas de mestres, outros oficios e outras de titularidade municipal, realizadas entre o ano de creación desta axuda (2017) e 2020, beneficiáronse un total de 55 concellos, repetindo catro deles en diferentes anos. Santiso e Trabada obtiveron

axudas en dúas convocatorias diferentes, mentres Mos e Rianxo renunciaron á axuda concedida o primeiro ano para solicitala de novo ao ano seguinte.

En total concedéronse axudas para a rehabilitación de 116 vivendas, por importe de máis de 4,1 millóns de euros.

RESUMO DAS CATRO CONVOCATORIAS


	Nºúmero de concellos	Número de vivendas	Importe das axudas €
2017	6	15	524.147,90
2018	15	33	1.102.461,59
2019	14	34	1.332.683,40
2020	22	34	1.147.663,41
TOTAL	55	116	4.106.956,30

Instituto Galego da Vivenda e Solo
Área Central. Polígono de Fontiñas
Santiago de Compostela
Www.igvs.xunta.es

REHABILITACIÓN DE VIVENDAS DE MESTRES

OUTROS OFICIOS E OUTRAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Concellos con axudas concedidas



Ano da convocatoria

- 2017
- 2018
- 2019
- 2020



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO